

MACROCONCURSO

BASES

1. Poderán participar todos os alumnos e alumnas matriculados neste ano académico no segundo ciclo de ESO no IES As Telleiras.

2. A participación será individual ou en grupo. Se é en grupo, este debe estar constituído por un número igual ou inferior a CATRO membros.

3. As preguntas e problemas formulados estarán relacionados coa materia impartida polos distintos departamentos deste centro.

4. Haberá CATRO edicións de preguntas, distribuídas entre xaneiro e abril.

5. Todas as preguntas formuladas serán publicadas a través do taboleiro do EDLG, situado no vestíbulo principal do centro.

6. As respostas ás preguntas de cada edición entregaranse nunha data límite, indicada na propia folla das preguntas.

7. Cada resposta correcta valorarase con UN punto. As solucións ás cuestións, así como a puntuación acadada polos participantes, faranse públicos a través do taboleiro do EDLG.

8.Haberá premio para o grupo ou persoa que maior puntuación acade ao final do concurso.

9.Para inscribirse deben anotarse nun folio os seguintes datos:

- Nome que adopte o concursante ou o grupo
- Datos persoais dos participantes: apelidos e nome
- Curso e grupo ao que pertencen.

E entregalo en conserxería antes do día **20 de xaneiro**. O día **23** de xaneiro, no **segundo recreo**, entregaranse as primeiras preguntas.

10.A participación no concurso implica a total aceptación das bases.

